



Paco Rodríguez e Lois Diéguez interviron no acto de presentación da novela deste último "A canción do vagamundo"

Presentaron a onte, na Aula de Cultura

## «A canción do vagamundo», un exercicio de lucidez

### SANTIAGO. Redacción

Ontes presentouse na Aula de Cultura da Caixa Galicia o libro «A canción do vagamundo», coa que o seu autor, Lois Diéguez, gañou a última edición do premio «Eduardo Blanco Amor». Paco Rodríguez calificou a novela como «exercicio de lucidez» e «documento psíco-social» da realidade galega actual. Lois Diéguez acotou a cuestión de ideoloxismo e literatura, apreciando que só se ataca a unha obra literaria de ideoloxismo cando este é de esquerdas e nacionalista.

Na súa intervención, Paco Rodríguez situou ó autor de «A canción do vagamundo» dentro da xeneración dos sesenta, resaltando o papel xogado polos membros desta xeneración na defensa das teses nacionalistas, as mesmas que levarían a Lois Diéguez a paraliza-la súa pro-

ducción literaria durante os anos clave da transición por mor da súa actividade política. A de Lois Diéguez sería unha literatura vinculada á experiencia, á historia galega máis próxima. «A canción do vagamundo», dixo Paco Rodríguez, «non está feita para redimir; é un exercicio de lucidez e non de solucións».

En opinión de Lois Diéguez «o ideoloxismo parte da propia sociedade». Con este aserto, o autor da novela gañadora do premio «Eduardo Blanco Amor» salía ó paso da acusación dirixida habitualmente a autores de esquerdas e nacionalistas. Resaltou a importancia dos premios literarios na política editorial galega, entendendo que a concesión do premio a «A canción do vagamundo» fora a razón da súa publicación; outra novela de Lois Diéguez está sen editar.